



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Nomeamento funcionario de carreira (policía)

ANUNCIO

Expediente núm. 2023/E002/000362 2023/E001/000001

No procedemento de referencia, relativo á convocatoria para a provisión de dúas prazas de policía, do corpo da Policía Local, mediante oposición libre, o alcalde ditou o Decreto núm. 1887/2024, do 14 de outubro, que na súa parte dispositiva (o DNI amósase cifrado) que inclúe o pé de recursos, resolve:

1. **Cesar a Andrés Soto Carlín** con DNI ***8477**, **funcionario en prácticas** do Concello das Pontes de García Rodríguez, na praza das seguintes características:

- Clasificación, segundo o establecido nos artigos 167 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL): Escala de administración especial; Subescala de servizos especiais; Clase: policía local e os seus auxiliares.

2. **Nomear a Andrés Soto Carlín** con DNI ***8477**, **funcionario en carreira** do Concello das Pontes de García Rodríguez, na praza das seguintes características:

- Clasificación, segundo o establecido nos artigos 167 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL): Escala de administración especial; Subescala de servizos especiais; Clase: policía local e os seus auxiliares.
- Escala segundo o artigo 24 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: básica.
- Grupo: C. Subgrupo: C1
- Categoría e denominación: policía

3. Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira o interesado deberá efectuar o acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións, e tomar posesión no prazo legalmente establecido.

Con carácter previo á toma de posesión como funcionario de carreira será expedida a correspondente acta de cesamento como funcionario en prácticas.

4. Comunicar o nomeamento á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes (Xunta de Galicia), para a oportuna inscrición no Rexistro das Policía Locais de Galicia, regulado no artigo 21 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia).

5. **Publicar** un anuncio da parte dispositiva da presente resolución no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, a persoa interesada poderá interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP da presente resolución de cesamento e nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedida a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se produciase a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto

ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, 15 de outubro de 2024

O alcalde

Valentín González Formoso

2024/7262